

168/2000

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO



OS VELLOS non DeBEN de nAMORARSE

DE CASTELAO

DIRECCIÓN MANUEL AREOSO

XUNTA DE GALICIA

Nun ensaio rematado no Nadal de 1950, nove anos despois da súa estrea e tres anos antes da publicación da obra pola editorial Galaxia, Eduardo Blanco-Amor trasládanos, como 'anécdota' significativa, a opinión non condicionada de «James Graham, da 'School of American Ballet', que estaba na Arxentina, ao frente da xira do 'American Original Ballet'» e que o acompañara á mencionada estrea bonaerense: «dixome "que nada tiña ollado en Nova York, nos derradeiros anos, que contivese tanta suma de orixinalidade e tan extraordinaria posibilá [sic] dun montaxe de grande espetáculo" como a obra de Castelao».

Acrecenta o autor do Teatro pra a xente que, polos seus coñecimentos teatrais, está «en condicións ouxetivas de engadir á opinión dun mestre como Graham a miña propia, e de decir que Os vellos non deben de namorarse pode configurar, no seu logar e tempo, a data nuncial dun grande teatro galego de non vista cobiza i-eficacia. Non se trata dunha obra avangardista —endebén o sexa en degrau superlativo— destiñida a gorentare a consabida estulticia duns cantos 'iniciados' pra morrer no vacío ao seguinte día da sua estrondosa representación. Pol-a contra, é obra pra acadare a meirande cistensión atentativa, a maior suma de públicos, a maior 'latitudine' —no senso do teinicismo fotográfico—, pois pra todos tén: pro refinado intelectual e pra o espeitador de boa fe. As suas posibilidades de montaxe son, en efecto, grandiosas e tentan os anceios do director mais estremado que queira lograre un espetáculo integral no que ren —luz, cor, ritmos, danzas, luminotecnia— resulte superfluo nin desaxeitado».

As opiniós que acabamos de reproducir poden ser paradigma do prestixio, case xeral e repetidamente explicitado, de que goza a proposta dramática do autor de Retrincos, que, con todo, non deixá, de ir acompañado de certas e, con clarezas, non menores —por moi puntuais ou parcelares que sexan— sombras avaliativas no discurso crítico desenvolvido ao seu redor.

Neste sentido, sería pertinente lembrarmos que, etimoloxicamente, o vocábulo 'prestixio' se podería ligar, de maneira paradoxal, ao significado de 'engano' e laírmonos de que o posibel, necesario e, sen dúbida, salutar debate sobre as virtudes e os defeitos da obra teatral que nos ocupa, polo xeral, se teña mantido no ámbito das discusións privadas e non teña visto a luz como desexábel debate, quer sosegado, quer virulento.

É así que, desde a perspectiva da concepción visual que preside a obra, non hai dúbida de, na súa avaliación como produto artístico complexo, ter pesado para non poucos anacrónicos 'modernólatras', cunha falta de ponderación que resulta proverbial pola súa fundamentación redutoramente excluente, a consideración negativa que das vanguardas históricas —e, en especial, a respeito de Picasso e o Cubismo— manifestou sen equívocos o propio Castelao no seu extraordinario Diario de 1921 e nas páxinas de Nós.

Nesta inmensa sombra xulgadora e preconceituosa, para além da evidencia por simple comparación da (in)comprensión más ou menos acentuada e xeneralizada na altura daqueles 'felices' anos, esquécese o feito basilar de que Castelao optou [seleccióñou con plena conciencia do que era relevante, na teoría e na práctica, para o seu meditado proxecto artístico] por tendencias plásticas históricas, recuadas ou contemporáneas, figurativas e abstractizantes, que, convivendo de maneira paralela coa vanguarda en sentido restrito e histórico, non resultaron ser de menor relevo e importancia na actualización e criteriosa renovación do pensamento plástico deste vinteavo século que, nestas datas en que redixo, está a esmorecer.

CARLOS PAULO MARTÍNEZ PEREIRO

REPARTO

Alfonso Agra	Foco Prologuista <i>O coro da morte</i> Coro de boticarios Máscara	Bernardo Martínez	O coro da morte Coro de boticarios Máscara Coro
Pilar Alonso	<i>Nai de don Ramón</i> <i>O sapo</i> Prologuista <i>O coro da morte</i> Irmá Muller Máscara Coro	Xoán Carlos Mejuto	<i>O demo</i> Espantallo A morte Coro de boticarios Moza
César Cambeiro	<i>Don Ramón</i> <i>O coro da morte</i> Coro	Luisa Merelas	<i>Lela</i> O coro da morte Irmá Muller Máscara <i>Nai</i> Coro
Mariana Carballal	Micaela Mari Pepa <i>O coro da morte</i> Irmá Muller Máscara Coro	Alfredo Rodríguez	Boticario Espantallo Pai Coro
Xan Casas	<i>Pai de don Ramón</i> <i>O portugués</i> <i>O coro da morte</i> Coro de boticarios Máscara Coro	Xosé Vilarelle	Carabineiro A porca <i>O coro da morte</i> Coro de boticarios Máscara Coro
Nekane Fernández	Pimpinela <i>O coeo da morte</i> Irmá Muller <i>O rapaz</i> Máscara		

EQUIPO ARTÍSTICO

Dirección	MANUEL AREOSO
Escenografía	ANTONIO F. SIMÓN
Diseño vestuario	RODRIGO ROEL
Música	BERNARDO MARTÍNEZ
Iluminación	ANTONIO F. SIMÓN
Atrezzo	RODRIGO ROEL
e ambientación	
Maquillaje	MERCEDES ALONSO
Estudio crítico	CARLOS P. MARTÍNEZ PEREIRO
Auxiciente de dirección	ELINA LUACES
Auxiliar de dirección	MARIELA RIOS
Meritorias de dirección	PATRICIA PIÑERO
	IRIA GIPPINI

EQUIPO TÉCNICO DO IGAEM

Prensa	ANA ROSALES
Encargado de talleres	PABLO SEDANE
Encargado de estructura escénica	SALVADOR FORJÁN
Técnico de iluminación	JUANJO AMADO
Técnico de son	ANTONIO GONZÁLEZ BUDIÑO
Desmoldes	ELEIXO VIEITES MAURO CHAO LUÍS MÉNDEZ EDUARDO CANEDO
Xastres	CONCHA ABAD DOLORIS FAZ MARÍA NEGREIRA

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Director	MANUEL GUEDE OLIVA
Xefe de producción	FRANCISCO OTI RÍOS
Secretaria de dirección	MANUELA DOMÍNGUEZ AMOSCÓTEGUI MAGDALENA TOJO ESTÉVEZ
Auxiciente de producción	LAURA HEVIA SOLARES

SALONTEATRO

Rúa Nova, 34. Santiago de Compostela

DATAS

Do 28 de xaneiro ó 27 de febreiro

HORARIOS E FUNCIONES

Mércores ás 18:00 h

Xoves ás 18 h

Venres ás 20 h

Sábado ás 20 h

Domingo ás 18 h

INFORMACIÓN E RESERVAS

Centro Dramático Galego

Tel. 981 58 11 11 [horario: de 9 a 14 h]

PREZO DAS LOCALIDADES

Prezo único a 1.000 ptas (6'01 €)

Día do espectador:

50% de desconto sódolos domingos,
agás os días da estrada.

Horario de taquilla:

Dúas horas antes do inicio da función.

DESCONTOS

Localidades a 600 ptas (3'61 €)

• Para os titulares de Carné Xove,

Carné Universitario, familias

numerosas e maiores de 65 anos,
descuentos do 40% sobre o prezo da
entrada en taquilla.

Localidades a 500 ptas (3'01 €)

- Os grupos de máis de 10 persoas que
residan no Concello de Santiago de
Compostela poderán acollerse a un
descuento do 50% sobre o prezo da
entrada en taquilla sódolos días de
representación.

Localidades de 400 ptas (2'40 €)

- Os grupos de máis de 10 persoas que
residan fóra do Concello de Santiago de
Compostela e teñan necesidade de
organizar algún sistema de transporte
para poder acudir ó SALONTEATRO
poderán acollerse a un descuento do
60% sobre o prezo da entrada en
taquilla sódolos días da
representación.
- Pessoas en situación de desemprego.
- Grupos de teatro universitario.

NOTA

Estes descuentos non son acumulables.

ATENCIÓN OS GRUPOS

- Se desexan utiliza-lo desconto para
grupos, deberán ponerse en contacto co
CDG para efectua-la súa reserva
preguntando por Manuela Dominguez.
- A reserva deberá ser realizada, como
mínimo, unha semana antes do comezo
do espectáculo, en caso contrario
quedará suxeita a consulta.
- Poderá solicitar, se o deseza, o soporte
publicitario que quere recibir para a
difusión da información sobre os
spectáculos (Dossier de prensa, carteis,
programas de man, etc.)

AGRADECIMENTOS

O noso agradecemento ó Consello da Cultura Galega por facilitarnos o rexistro sonoro no que se recolle a voz de
Castelao. Así mesmo, o recitado do poema "Irmán Daniel" de Ramón Cabanillas por Fernando Iglesias Tacholas.

Ó Museo do Pobo Galego por nos proporcionar a primeira edición de "Os vellos non deben de namorarse"
e poder, dese xeito, reproducila como facsimile.

Ó Centro Galego das Artes da Imaxe por nos fornecer os valiosísimos documentos visuais sobre Castelao.

A Editorial Galaxia e a don Xabier Baltar por sódolais facilidades que nos deron para a publicación
do texto de Castelao.

OS VELLOS... EN XIRA POR GALICIA

AUDITORIO MUNICIPAL de NARÓN

Día 1 de marzo ás 11:30 h

Día 2 de marzo ás 20:30 h

Día 3 de marzo ás 20:30 h

Información e reservas: 981 39 11 44

TEATRO PRINCIPAL de OURENSE

Día 8 de marzo ás 20:30 h

Día 9 de marzo ás 20:30 h

Día 10 de marzo ás 20:30 h

Día 11 de marzo ás 20:30 h

Día 12 de marzo ás 20:30 h

Día 13 de marzo ás 20:30 h

Información e reservas: 988 24 14 92

CENTRO CULTURAL CAIXAVIGO de VIGO

Día 17 de marzo ás 22:30 horas

Día 18 de marzo ás 22:30 horas

Día 19 de marzo ás 20:30 horas

Venda localidades en taquilla
telefónica 986 23 80 51 dende unha
semana antes da primeira función.

TEATRO ROSALÍA DE CASTRO da CORUÑA

Día 23 de marzo ás 20:30 h

Día 24 de marzo ás 20:30 h

Día 25 de marzo ás 20:30 h

Información e reservas: 981 18 42 93

AUDITORIO DO PAZO DA CULTURA de PONTEVEDRA

Día 28 de marzo ás 21 h

Día 29 de marzo ás 21 h

Día 30 de marzo ás 21 h

Día 31 de marzo ás 21 h

Información e reservas: 986 89 65 28

"Amigos:

A penas separado de vós por un tabique, non estou presente. Pero creo que vos oio e que vós oídes o latexar da miña ansiedade. Xa sei que as creacións do espírito non se adaptan ás fronteiras da nación e que as obras de arte voan coma paxaros por riba das fronteiras. A arte non cabe dentro dos lindeiros políticos e xa que logo a miña obra podería ser universal, pero a condición de que fose unha verdadeira obra de arte, que iso non o podemos dicir nós, senón os que veñan logo e acaten o noso veredicto. Agora ben, non hai obra de arte capaz de resistir o xuizo do tempo que non leve o cuño dunha nacionalidade e por extenso que sexa o seu imperio, nunca perde o recendo da terra e do momento no que foi creada. Así, esta obra miña non pasa de ser un simple experimento artístico, pero ainda que merecese ser traducida a tódalas linguas do mundo, nunca deixaría de ser unha obra de arte galega porque está feita co zume da terra e mel da tradición galega e foi imaxinada para regalia do pobo galego, que se non acadou o seu destino verdadeiro presentouse por primeira vez diante dunha colectividade de moitos milleiros de galegos e entrégase por segunda vez á emoción dos galegos de Montevideo e dos nosos irmáns de Uruguai.

É todo canto se me ocorre dicir pensando en que a miña obra será ben acollida polo público que asista a presenciala e pola crítica deste país admirable e que sempre tivo un lugar no meu corazón cando vivía en Galicia e hoxe, máis próximo a el, ocupa tódolos meus sentimientos de fraternidade.

Moitas gracias."

Transcripción, traducida ó galego, da fonopostal que Castelao enviara desde Buenos Aires á comunidade galega de Montevideo co motivo da estrea de "Os vellos non deben de namorarse" no Teatro Solís da capital uruguaya o oito de outubro de 1941.

Esta farsa foi imaxinada para regalia do pobo galego,
cando en Galicia abrollaban os más ardidos anceiros
de rexurdimento.

Castelao

Centro Dramático Galego



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO
061001040000000000
EDICIÓN I - RIBADEO